

**D**ENDE a desaparición de Natalia os pais de Antón xa non lle deixaban baixar o lixo á noitiña.

El lembraba ben aquela primeira noite en que quedara na casa. A súa nai, fóra de si, montáralle unha escena. Puxérase como nunca antes a vira, nin sequera cando facía algunha falcatuada.

Todo acontecera había uns poucos días, mais semellaba que pasara unha eternidade. As cousas mudaran moito. Parecía incríbel que a súa vida, a vida de todos eles, dese un xiro tan brusco e dramático en tan pouco tempo. Se llo contasen unhas semanas antes, non o crería. Diría que era imposible ou fantasía dunha mente enferma.

Antón sempre levaba o lixo ao colector en torno ás oito e media da noite. Coma sempre, foi ao balcón, atou a bolsa con coidado de non derramar nada e sacouna do caldeiro. Logo, colleu as chaves que repousaban no aparador do recibidor.

—Vou baixar o lixo! —berroulle á súa nai.

Abriu a porta e saíu tan tranquilo. Xa estaba no corredor a agardar polo ascensor cando ela saíu do piso disparada coma un foguete.

—Que foi? —preguntou o rapaz sorprendido.

—Non, Antón, non! —berroulle a nai nerviosa e co rostro desencaixado polo terror.

—O que?

—Nin se che ocorra baixar.

—Polo ascensor? Está avariado?

—Ou polas escaleiras. Mellor non baixes —aclaroulle ela colléndoo da man xa un chisco máis tranquila.

—Por que?

—Xa o fará o teu pai cando chegue.

—Pero apetécame a min —insistiu Antón.

—Entra, anda... —tentou ela polas boas.

—Pero sempre... —deu en protestar el.

—Pasa dun raio dunha vez! —ordenoulle a súa nai moi seria.

Resignado, a Antón non lle quedou máis remedio que regresar. Ao pasar ao seu carón, sen vir a conto, ela deulle unha aperta tan forte que case o deixa sen aire.

—Mamá! —queixouse Antón molesto pola súa agarrimosa presa.

Foi á cociña coa bolsa e deixouna de novo na terraciña a carón da lavadora. Ao saír, viu a súa nai alí chantada no corredor coa porta aínda entreaberta. Tiña os ollos engradados e a mirada extraviada.

—Pasa algo? —preguntoulle.

—Non, non é nada —mentiu ela.

—Seguro que non pasa nada? —insistiu preocupado.

—Non, cousas miñas.

—Pero estás...

—Vai ao teu cuarto, anda.

—Precisas algo?

—Non, vai. Podes fedellar co ordenador un pouco se queres —ofreceulle a nai nun ton conciliador.

—Grazas —dixo o rapaz un chisco apoucado pois non semellaba a mesma muller que había uns intres lle berrara.

—Cando chegue o teu pai, ceamos —engadiu ela sorbendo os mocos.

Amodiño, pechou a porta da casa. Non sen antes botar unha ollada fóra, coma se algo ou alguén axexase alí, no oco escuro das escaleiras ou nas sombras do corredor.

Antes de ir para o seu cuarto, Antón mirou dende a fiestra do salón. Non chovía, mais a praza estaba deserta. A entrada do súper na que sempre había un vello esmoleiro co seu cadeliño piollento atado por unha piola. A academia de inglés onde as nais se amorean agardando polos nenos que ían ás clases particulares. As portas dos bares ateigadas de fumadores impacientes... A praza, sempre chea de vida, semellaba agora unha natureza morta. Un instante conxelado no tempo. Un lenzo cinsento e esborrachado.

Antón percorreu coa ollada as fachadas dos demais edificios da praza. O escintilante reflexo dos televisores rachaba a escuridade dos salóns compoñendo sombras arrepiantes nas paredes. Algunhas figuras movíanse fuxidías tras as cortinas de moitas fiestras. Sentiu un calafrío e tivo a estraña sensación de que o observaban. Un chisco asustado apartouse da ventá e foi ao seu cuarto. Sentou diante do ordenador e nin o acendeu. Non tiña gana de xogar nin de rexoubar no Tuenti; empezaba a estar preocupado: por Natalia, pola súa nai, polo seu

pai, por todos os da urbanización. Aínda que eles tentasen disimular, el decatábase de todo. Non era parvo.

As cousas andaran nas mans do demo dende que a nova da desaparición de Natalia correra como a pólvora por toda a praza da Bichoca. O sábado, ao día seguinte de desaparecer, xa o sabía todo o mundo. Mais foi o domingo cando todos foron conscientes da brutal realidade e de que a cousa ía en serio. A praza espertou tomada pola policía. Todas as fiestras se converteron en privilexiados miradoiros. Nenos e maiores contemplaron durante toda a mañá as evolucións dos axentes de uniforme na procura de calquera pista ou indicio. Ao mediodía trouxeron unha parella de cans, uns pastores alemáns. Uliscaron durante horas cada recanto da praza sen resultado aparente, seguro que por mor da gran treboada que descargara con forza sobre toda a cidade o sábado de madrugada.

Antón non perdera nada do acontecido dende a fiestra do salón. Vira entrar e saír policías, con e sen uniforme, do portal da casa de Natalia. Incluso descubriu un home carrexando un ordenador e meténdoo no maletreiro dun coche e supuxo que era dela. Axiña chegaron tamén as primeiras cámaras de televisión e os redactores micrófono en man. Entre protestas, os xornalistas instaláronse por indicación duns axentes nun extremo da praza. Aliñáronse tras unha fita de plástico branca co escudo da policía e as letras DGP gravadas en azul.

Ao mediodía, un pesado automóbil azul cos vidros escuros entrou na praza. Parou diante do portal de Natalia e del baixaron o alcalde e o concelleiro de Seguridade. O chofer agardou fumando e falando cun policía que vixiaba a entrada. O alcalde non tardou moito en saír e, canda o seu concelleiro, desapareceu no automóbil por onde viñera.

Á hora da comida todos os miróns e curiosos retiráranse das fiestras para dar conta dun merecido xantar. Fora unha mañá intensa en emocións e expectación. Non tomaran aínda a sobremesa e o balbordo dunha sirena levounos a asomarse de novo todos apurados. Unha ambulancia coas luces intermitentes atravesaba a praza con lentitude. Detívose perante o portal de Natalia. Dous enfermeiros con petos laranxas baixaron, abriron o portón traseiro e sacaron unha padiola con rodas e uns maletíns vermello que pousaron enriba dela. Logo, empurrárona pola rampla e entraron no portal. Antón e mais os seus pais contemplaron a escena dende a fiestra aberta do salón.

—Pasaría algo grave? —preguntou Antón.

—Non, home —tratou de tranquilizalo o pai.

—Entón?

—Virán para atender a nai de Natalia.

—E iso?

—Xa sabes, estará moi nerviosa e preocupada. Virán darlle algún medicamento para que acougue —aclaroulle el.

—Entendo.

—Imaxina como estaría eu se ti desapareceses sen máis —interveu a súa nai.

—Pero eu non o faría.

—Estás seguro? —aventurouse ela a preguntar.

—Eu nunca marcharía así —contestou Antón con rotundidade.

—E pensas que Natalia o fixo? —preguntoulle o seu pai.

—Non o creo, pero entón que foi o que lle pasou? —inquiriu o rapaz.

Os seus pais non lle contestaron e deixaron a resposta no aire. Antón non insistiu. Decatouse axiña de que ou non o sabían ou, se o sabían, non llo dirían. Tanto tiña que insistise. A el sempre lle pedían que respondese lixeiro cando lle preguntaban. Ou que dese explicacións por todo. En troques, os seus pais adoitaban calar ou responder o primeiro que lles pasaba pola cabeza cando el preguntaba. Semellaba que xamais o escoitasen e, cando de causalidade o facían, non era para contestar, non. Rifábanlle por preguntar ou discutían entre eles pola resposta máis axeitada.

Estou farto, pensaba Antón ás veces. Quizabes fose certo que Natalia marchara, cansa ela tamén de que ninguén respondese ás súas preguntas, sobre todo cando o seu pai marchou da Bichoca. Dun tempo a esta parte, Antón afixérase a non preguntar moito. Pensaba que era o mellor, malia a estraña sensación que notaba cando deixaba esas preguntas sen resposta dentro del. Unha vez contárallo a Natalia e ela dixéralle que esa estraña sensación era a soidade, e que a ela tamén lle pasaba acotío. Antón non entendía como os dous

podían sentir algo semellante. Non se parecían nadiña. Ela era guapa, popular, todos os rapaces da ESO, incluso os maiores, bebían os ventos por ela e todas as rapazas imitábana tras só cinco meses de clases. Natalia e mais el non eran dos mellores amigos. Se cadra por iso falaban. Había cousas que un non lles podía contar aos amigos. Coincidiran máis dunha vez ao regreso do instituto e conversaran. Antón sempre pensara que ela lle falara por vez primeira máis que nada por aburrimiento. Pero dende aquela, repetiran nalgunha outra ocasión e el sorprendérase do moito que compartían, das inquedanzas que agochaban.

—Será mellor que pechemos. Vai frío e vaste arrefriar —comentou a súa nai interrompendo as súas matinacións.

Retiráronse cara ao interior e ela pechou a fiestra. Porén, os pensamentos dos tres ficaron alí fóra, á intemperie. Durante o resto do xantar gardaron silencio e cando Antón suxeriu acender a televisión, a súa nai aceptou para a súa sorpresa. E así, durante uns instantes, mentres contemplaban o informativo, os seus pensamentos viaxaron ben lonxe de alí: cara ás desgrazas e traxedias que acontecían en lugares afastados e das que eles semellaban ficar a salvo.

A desaparición de Natalia marcou un antes e un despois para todos. Para Antón, para os seus pais, para os compañeiros e os amigos... Para todos.

Fora coma se un terremoto o sacudise todo e os edificios da praza quedasen gretados para sempre, mantendo un precario equilibrio, a piques de esboroarse a nada que soprarse unha migalla de vento. Ou aínda

mellor, coma se un tsunami coa súa vaga xigantesca pasara por enriba de todos eles. E co devalo, ao retirárense as augas, todos ficasen alí sans e salvos. Todos, agás Natalia.

Aparentemente todo estaba onde debía. Todos ocupaban o seu lugar no preciso caos do universo. Mais en verdade xa nada era igual. Nada. Unha ameaza invisíbel, informe, da que ninguén quería falar, e moito menos a un neno de doce anos como Antón, pairaba sobre todos os veciños da praza. Estaba presente nas súas conversas, nos seus actos, nas súas olladas, en cada un dos seus xestos, nos seus silencios.

Semellaba que, malia a súa desaparición, a sombra de Natalia se erguía agora xigantesca e ameazante sobre todos eles.